



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL DE RIBEIRA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO ARQUIVO BIBLIOTECA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital para realizar o Proxecto Arquivo Biblioteca.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación, pola necesidade de atender áreas específicas para a difusión dos recursos cos que conta a Fundación Museo de Artes do Gravado Dixital. O Museo do Gravado de Artes necesita seguir crescendo, ofrecendo e mellorando a súa oferta cultural e a mellora das súas condicións para conservar os seus fondos, sendo necesarias distintas melloras como a realización dunha nova infraestrutura de almacenaxe para os fondos do Museo do Gravado.

Por todo o anterior é a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2024, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

